

MÚSICA. PROPOSTA ACTIVIDADES PARA 3º

Ola a tod@s! Nestes días nos que debemos quedar na casa e os días se nos poden facer un pouco longos, a música pódenos axudar moito! Tal e como estamos vendo nos balcóns de moitos lugares do mundo!

A continuación, propónovos algunas actividades musicais para realizar en familia nestes días de encerro. Recordade que son propostas, tarefas **voluntarias!** En moitos casos, ideas para axudarvos a aproveitar este tempo. Non pensedes en facelas todas o mesmo día!

CANCIÓN

Continuamos practicando a canción *A Rosalía (No bico un cantar)*, que aparece no libro –disco Rosalía Pequeniña, de Uxía.

<https://www.youtube.com/watch?v=Snrqlc8eSoE>

Do mar pola orela mireina pasar,
Na frente unha estrela, no bico un cantar.
E vina tan soia na noite sen fin,

¡que inda recei pola probe da tola
Eu, que non teño quen rece por min!

A musa dos pobos que vin pasar eu,
Comesta dos lobos, comesta morreu...
Os ósos son dela que vades gardar.

¡Ai dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai dos que levan no bico un cantar!

¡Ai dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai dos que levan no bico un cantar!

REPASO LINGUAXE MUSICAL

Dictado rítmico:

<https://aprendomusica.com/const2/30dictadoritmico1/dictadoritmico1.html>

Repasso as notas no pentagrama

<https://aprendomusica.com/const2/03atrapanotas/atrapanotas.html>

<http://gerardodiegoaulademusica.blogspot.com/2010/03/24-aranas.html>

Instrumentos:

Familia de vento:

<https://aprendomusica.com/const2/24memoryviento/memoryviento.html>

Familia de cuerda:

<https://aprendomusica.com/const2/25memorycuerda/memorycuerda.html>

Familia de percusión

<https://aprendomusica.com/const2/23memorypercu/memorypercu.html>

AUDICIÓN- INTERPRETACIÓN RÍTMICA

Recordas o noso **Detective Anderson**? Practica o ritmo como fixemos na clase. Se non tes instrumentos... non pasa nada! Primeiro practica coas palmas. Despois, podes transformar dúas culleres en claves, unha tixola ou caixa de cartón nun tambor... ou calquera cousa que se che ocorra!

A continuación podes retar á túa familia, cada ovo será un “instrumento” recordas? Só que agora, en vez de instrumentos, tocamos “cacharros” que atopemos pola casa!

https://www.youtube.com/watch?v=h46O8lnPqSw&list=PL2mHraZxofIx-X-I6jdM-oKMRO0T_p9MI&index=3

E se queres un reto novo? Escoitamos e acompañamos con ritmo **Can Can**, de Offenbach:

https://www.youtube.com/watch?v=x-YtK_EvmiY&list=PL2mHraZxofIx-X-I6jdM-oKMRO0T_p9MI

1º- lectura rítmica con palmas

2º- Colle dúas culleres e realiza o ritmo como se fosen unhas claves.

3º- Se a túa familia se anima, formade unha orquestra, con calquera obxecto que vos poida servir de instrumento. Cada un de vós será un destes símbolos. A modo de exemplo:




→ rascar unha botella rugosa

→ chocar culleres



→ chocar botellas de plástico vacías



→ golpear unha tixola

CONSTRUÍMOS UN INSTRUMENTO MUSICAL

Se aínda tedes moitísimo tempo... Outra proposta que vos fago é que deseñedes un instrumento musical. Á volta podedes traelo, ensinarilo ós compañoir@s e montamos unha orquestra cos instrumentos que fagades. Ou incluso podedes utilizarlos estes días para practicar as actividades anteriores!

Que vos parece se aproveitamos para reciclar algúns deses cartóns de papel hixiénico que tanto parece que imos gastar estes días? ☺ Podedes facelo con iso, pero tamén con calquera cousa que atopedes pola casa! Aquí algunas ideas:

- Maracas



- Castañolas:



- Kazoo

<https://www.manualidadeson.com/como-hacer-un-kazoo-carnaval.html>



Más ideas: https://www.youtube.com/watch?v=10JUZS7Fp_Y

MOVEMENTO E DANZA

Como no mes de abril- maio imos traballar sobre a música tradicional, que mellor maneira de aprender uns pasos básicos de baile con Uxía Lambona e a banda molona? Tacón, Punta, Tacón... A bailar!

<https://www.youtube.com/watch?v=CDdFdt2WUfE>

E NON ESQUEZADES ESCOITAR A MÚSICA QUE MÁIS VOS GUSTE!

Un saúdo! non dubideades en poñervos en contacto polo correo do cole para calquera dúbida que teñades estes días!

Patricia